



ROBERTO MANSILLA Instituto Galego de Análise e Documentación Internacional (IGADI)

“Un novo ciclo político e electoral modificará as bases da xeopolítica latinoamericana”



MANOEL SANTOS
Director de Altermundo

Segundo unha enquisa realizada por segundo ano consecutivo pola empresa Iberglobal, o Instituto Galego de Análise e Documentación Internacional, IGADI, con sede en Baiona e dirixido por Xulio Ríos, alcanzou o noveno lugar entre un total de 17 centros de investigación e “think tanks” do Estado español. Deste xeito, o IGADI pasa a figurar entre as cinco primeiras entidades de investigación a nivel estatal especializadas en política internacional, con énfase no mantemento dunha visión propia e independente e con marcado acento na proxección exterior de Galicia. Entre os seus analistas, Roberto Mansilla destaca pola súa especialización en xeopolítica de América Latina, a rexión do planeta que, especialmente ao longo da última década, viviu os procesos políticos e sociais máis atrevidos e innovadores dende a óptica da esquerda. Se existen unha ou varias alternativas á hexemonía neoliberal mundial, estas agromarán probablemente coas experiencias latinoamericanas como exemplo, non a reproducir, pero si a seguir e ter en conta. Se hai un outro mundo posíbel, aló hai que mirar.

PERFIL

Roberto Mansilla Blanco (Caracas, Venezuela, 1973) é analista do Instituto Galego de Análise e Documentación Internacional (IGADI) e responsable do Centro de Información e Documentación Internacional Contemporánea (CIDIC). Licenciado en Estudos Internacionais (Universidade Central de Venezuela, UCV) e Mestre en Ciencia Política (Universidade Simón Bolívar, USB). Colabora en medios de comunicación venezolanos como analista de política internacional.
+INFO: www.igadi.org

Dende a chegada de Hugo Chávez en 1998 a xeopolítica de América Latina mudou radicalmente. Poderías facer unha rápida radiografía dos polos políticos que ao teu xuízo existen hoxe no continente? Van máis aló dun bloque neoliberal e outro antineoliberal?

Probablemente, a mudanza política máis importante nos últimos anos (1999-2010) teña que ver coa frenética variación de gobernos supeditados aos postulados do “Consenso de Washington”, cara outros con maior calado popular, conscientes da necesidade de integración plenamente “latinoamericanista” e “antihexemónica”, cunha visión global máis multipolar. Este proceso de cambios, iniciado coa primeira vitoria electoral de Chávez en Venezuela en 1998, coincide coa considerábel perda de influencia de EUA na rexión.

Máis que bloques “neoliberais” e “antineoliberais”, que tamén explican a xeopolítica latinoamericana, obsérvase un consistente proceso de “latinoamericanización” dos procesos de integración hemisféricos e de visión global conxunta. Pero mesmo dentro deste bloque tamén hai modelos diferentes, en gran medida marcados polas circunstancias socioeconómicas internas. A xeopolítica latinoamericana actual aduce dun contexto inédito de diversos modelos de desenvolvemento e de integración de carácter autóctono e progresista. Resulta evidente o peso de Brasil como principal potencia, enfocando un modelo de políticas de crecemento económico e

COORDINADOR DO PROGRAMA DE INVESTIGACIÓN SOBRE SEGURIDADE, CONFLITOS E ALTERNATIVAS NO SISTEMA INTERNACIONAL, CUXO TEMA CENTRAL É A ALBA, CONSIDERA QUE O SOCIALISMO DO SÉCULO XXI AVANZARÁ EN AMÉRICA LATINA CARA O PROGRESO HUMANO, A DEMOCRACIA SOCIAL E AS LIBERDADES PÚBLICAS



de mellor redistribución da renda, iniciadas polo presidente Lula da Silva a partir de 2002, con notábel aceptación noutros gobernos –principalmente do eixe MERCOSUR, como Arxentina, Uruguai e Paraguai– así como en varios sectores da opinión pública europea e estadounidense.

Por outra banda, a alternativa da ALBA, principalmente impulsada por Venezuela e que inclúe a outras oito nacións hemisféricas, incrementa a perspectiva dun modelo de desenvolvemento con maior carácter socialista e popular, en moitos aspectos “endemoñado” por di-

A FALTA DE ESCLARECER ATÉ ONDE PODERÁ CHEGAR O MODELO VENEZOLANO, SEN DÚBIDA A VERDADEIRA REVOLUCIÓN ESTASE A XESTAR NA BOLIVIA DE EVO MORALES DESDE 2005

versos sectores de opinión pública hemisférica e europea.

Evidentemente, países como Colombia e México seguen a manifestar o eixe de influencia de Washington na rexión, a través da integración de libre comercio “resucitada” da ALCA orixinal concibida en 1994, e que se amplía cara a outros países como Costa Rica, Panamá, Chile e Perú. No aspecto militar, é notorio o reforzamento do eixe Washington-Bogotá a través das bases militares en territorio

colombiano, que incrementan os niveis de tensión cos seus veciños.

Ao tempo, a pleiade e vitalidade de novos modelos de integración (UNASUR, ALBA, etc) confronta a anteriores estruturas de integración (OEA, MERCOSUR), que corren no risco de verse anquilosadas ante as novas demandas populares. Compre observar que a década de procesos de cambio progresistas cara a esquerda países como Venezuela, Brasil, Bolivia, Ecuador, Paraguai ou Nicaragua, pode verse alterado dentro do novo ciclo electoral hemisférico iniciado en 2009 e que finalizará

no 2012, trala vitoria ou consolidación da dereita en Chile, Panamá e Colombia.

Que diferenzas ves entre os procesos antihexemónicos máis avanzados, isto é, Venezuela, Bolivia e Ecuador?
A pesar de transitar por un camiño “constituente” moi similar e manter un nivel de solidariedade mutuo a través da ALBA, apréciase diferenzas fundamentais. Tras máis dunha década no poder, determina da por unha frenética sucesión de aconte-

cementos –avance do proceso constituínte, accións golpistas, sucesión de eleccións e referendos, etc–, no caso venezolano, Chávez está avanzando radicalmente na consolidación do modelo “socialista e bolivariano” dentro dun contexto lastrado de incertezas e fortes presións, principalmente exteriores.

No poder desde 2007, o presidente Rafael Correa está aínda na etapa de consolidación do proceso constituínte de “refundar Ecuador”. Cun notábel caudal de popularidade e apoio político, non exento de contradicións e presións, o goberno de Correa ofrece a estabilidade política e unha claridade de modelo de desenvolvemento que ningún outro goberno ecuatoriano tivo nos últimos anos.

A falta de esclarecer até onde poderá chegar o “modelo venezolano”, a verdadeira evolución estase a xestar na Bolivia de Evo Morales desde 2005. Un proceso constituínte de refundación total dos poderes do Estado, moi similar ao venezolano, cunha recuperación da identidade autóctona indíxena dentro dun Estado plurinacional, pluriétnico e pluriclásista. Como Chávez, Morales tamén debeu afrontar a presión constante de grupos reaccionarios, lexitimándose incluso a través dun referendo revogatorio.

Cal está máis preto da consolidación? O caso boliviano definirá a súa real andaina no segundo período presidencial de Evo Morales até o 2014. Cunha oposición desarticulada, aínda que asentada nas oligarquías dos departamentos orientais, a consolidación do Movemento ao Socialismo (MAS) como eixe vertebrador desta revolución popular e indíxena, supón un soporte sociopolítico fundamental para explicar o éxito do modelo de Evo. Isto non quere dicir que nos casos ecuatoriano ou venezolano non se concrete un proceso de consolidación similar, pero as presións internas e externas –máis evidentes no caso venezolano– aínda poden dar curso a novos acontecementos.

Máis en concreto, pode existir revolución bolivariana sen Chávez?
Este escenario, o da “revolución bolivariana sen Chávez”, afronta o maior empenho do proceso venezolano. Chávez é a referencia política, carismática e electoral máis fundamental para impulsar o proceso de cambios en Venezuela. Nese sentido, ningún líder político persoal nin institucional en Venezuela posúe a súa capacidade de mobilización popular e visión estratéxica de desenvolvemento.

Mais sería inxusto desconsiderar o factor esencial que supoñen os movementos

sociais e a configuración dos “consellos comunais” como órganos principais de impulso da revolución. De aquí xurdirá probablemente un liderado consolidado dende as bases que definirá o perfil político da Venezuela dos vindeiros anos.

Paralelamente, apréciase un avance do proceso de constitución dunha activa sociedade civil venezolana, con conciencia social e diversos perfís políticos e ideolóxicos, sexan favorábeis ou reaccionarios ao proceso de cambios impulsado por Chávez. Non obstante, esta sociedade civil organizouse e adoptou a súa multiforme identidade grazas ao proceso iniciado en 1999. A pesar de todo, o panorama venezolano apréciase pragado de incertezas.

Que papel pensas que xogaron e están a xogar eses movementos sociais constituintes e o indíxeno?

Foron os grandes axentes dos cambios acontecidos en América Latina nos últimos anos, en especial pola súa capacidade para alcanzar o poder pola vía democrática e institucional. Os casos máis notorios son Brasil, Bolivia, Ecuador e Venezuela.

O goberno de Lula en Brasil (2002-2010) supuxo a grande ilusión dos movementos sociais para mudar o modelo de desenvolvemento socioeconómico neoliberal. Tras unha etapa de “lúa de mel”, despois da reelección en 2006, apréciase un nivel tendente á ruptura entre o Movementos dos Sen Terra (MST) e Via Campesina co gobernannte Partido dos Trabalhadores (PT) de Lula, un factor que influirá na evolución do voto nas eleccións presidenciais do vindeiro mes de outubro e na próxima presidencia brasileira (2010-2014)

En Ecuador, Correa recibiu un grande apoio político dos movementos sociais e indíxenas, sendo estes os verdadeiros árbitros do panorama político ecuatoriano desde 2000, con capacidade de “destituír” a presidentes como Jamil Mahuad e Lucio Gutiérrez. Pero os cambios constitucionais e as políticas económicas de Correa están confrontando ao seu goberno con entidades tan poderosas como a Confederación Nacional Indíxena (CONAIE), así como entre diversos movementos sociais e indíxenas.

En Paraguai, o cambio progresista de Fernando Lugo conta cun amplo respaldo de movementos sociais e indíxenas. Movementos que tamén están detrás da Fronte Amplia en Uruguai e que supoñen fortes grupos de poder popular na Arxentina. A amalgama de movementos indíxenas en Perú comezan a mobilizarse politicamente. En países de América Central con considerábel poboación autóctona, como Guatemala, Nicaragua, Honduras e O Salvador, os movementos sociais avanzan nos seus procesos de organización e ampliación dos seus espazos de participación política.

No entanto, o verdadeiro éxito do indíxeno en América Latina é Bolivia, onde o 65 por cento da súa poboación é de orixe indíxena aymará ou quechua e que actualmente posúe os mecanismos constitucionais, legais e políticos para afirmar a súa autodeterminación tras séculos de explotación. O modelo boliviano autóctono indíxena e socialista pode servir como crisol para outros pobos.

A ALBA é unha alternativa desexábel, críbel, real?
Dende a súa creación en 2004 con Venezuela e Cuba, a Alianza Bolivariana para



OS MOVEMENTOS SOCIAIS FORON OS GRANDES AXENTES DOS CAMBIOS ACONTECIDOS



A ALBA É UNHA ALTERNATIVA REAL PARA MOITOS DOS POBOS LATINOAMERICANOS



A RELACIÓN CON COLOMBIA E O GOLPE DE HONDURAS DEFINEN A POLÍTICA DOS EUA NA REXIÓN



os Pobos da Nosa América (ALBA) logrou ampliarse cara outros sete países: Bolivia, Ecuador, Nicaragua, Honduras –até o golpe de 2009–, San Vicente e as Granadinas, Antiga e Barbuda e Dominica. É un organismo que agrupa a case 75 millóns de habitantes, impulsado por dous países con as maiores reservas petrolíferas e de gas natural no hemisferio occidental, como son Venezuela e Bolivia, e que até agora realizou 10 grandes cumios, dando a entender a súa capacidade de consolidación. A visión de integración social, base fundamental da ALBA contida no Tratado de Cooperación dos Pobos (TCP), permitiu igualmente dar curso a toda serie de iniciativas de asistencia e reciprocidade en materia sanitaria, educativa, de economía popular, cooperación enerxética, financeira –Banco da ALBA e moeda común SUCRE–, proxectos gran-nacionais, etc. Unha visión absolutamente distinta á integración de libre comercio impulsada por EUA a través da ALCA.

Como inédito modelo de integración, a ALBA manifesta unha alternativa para moitos pobos latinoamericanos e incluso, un proxecto con capacidade de expansión cara outros horizontes. Pero resulta obvio que os seus retos e desafíos porán a proba a súa real capacidade de consolidación. Un deles ten que ver coa capacidade de implicación do presidente venezolano Hugo Chávez como principal impulsor da ALBA. O golpe en Honduras en xuño de 2009 tivo en gran medida a súa concreción cara un presidente, Manuel Zelaya, decidido a afirmar a membresía hondureña na ALBA e que foi interpretado pola oligarquía local como un proceso de presunta influencia chavista nese país. Diversos sectores reaccionarios acusan de xeito indiscriminado, que a ALBA é un proxecto persoal de Chávez e que sen o petróleo venezolano como principal vehículo de financiamento, non tería sentido. Pero obvian que os mecanismos de integración da ALBA son horizontais, contan cunha gran capacidade de aceptación e participación popular. Un exemplo foi o último cumio en Otavalo (Ecuador) o pasado 25 de xuño, concibido para fortalecer e reivindicar as identidades indíxenas e negra en América Latina.

Como todo proceso de cambio manifestado nun modelo de integración, a ALBA acomete un novo ciclo de desafíos políticos: reacción conservadora, viramento electoral, impacto da crise económica. As súas bases aínda están en construción pero conta co respaldo decidido dos gobernos implicados e de múltiples sectores dunha sociedade civil.

Houbo cambios significativos dende a chegada de Obama?
Considero que, dentro da visión hemisférica actual de Washington, a presidencia de Barack Obama está superando a súa inicial perspectiva de “cautela e observación” a unha posición de maior concreción dos seus intereses, tentando superar a desconexión da rexión manifestada polo anterior goberno de George W. Bush. O golpe en Honduras e a ampliación da cooperación militar con Colombia definen inicialmente os eidos fundamentais da actual relación de Washington coa rexión, sen esquecer a promoción dunha ALCA máis bilateral. Consolidando a súa relación estratéxica política e militar con Bogotá, Obama seguirá a considerar a México como o seu outro gran aliado. Como aliado na estratexia antidrogas do Plan Colombia e subscritor do acordo de libre

comercio, Perú é outro actor clave para Washington, á espera de definirse un novo presidente no 2011. Dun xeito menor, Chile, Panamá e Costa Rica ampliarían este eixe de influencia de Washington, que tamén observará a posibilidade de cambios políticos en Arxentina (presidenciais de 2011) e Venezuela (lexislativas 2010 e presidenciais 2012).

En todo caso, alén das alianzas estratéxicas con Colombia, México ou Perú, o verdadeiro interese de Washington é Brasil e a súa emerxencia como polo de poder alternativo. Non sen antes amortecer calquera posibilidade de expansión do modelo “socialista e bolivariano” establecido na ALBA.

Como vai ser a Colombia de Santos?

Non existirán maiores diferenzas con respecto ás políticas do período do seu “mentor” Álvaro Uribe Vélez (2002-2010). A incógnita será saber se Juan Manuel Santos finalmente será o “delfín” de Uribe ou se no seu período de goberno até 2014 logrará consolidarse como a figura hexemónica dentro do “uribismo”. En materia económica, poucos cambios se ofrecerán, salvo unha lixeira posibilidade de que Santos

IGADI



Creado en 1991 e dirixido por Xulio Ríos, o Instituto Galego de Análise e Documentación Internacional (IGADI) é unha entidade independente e sen fins de lucro que ten por obxecto principal a investigación dos problemas internacionais e a activación de estratexias que favorezan unha maior proxección de Galicia no mundo en tódolos dominios. O IGADI recibe e analiza a prensa de numerosos países; arquiva obras, xornais, revistas e outros soportes documentais referidos á situación económica, social e política de cada país, rexional e mundial. Asímismo, promove a realización de investigacións sobre as máis diversas problemáticas de orde internacional, publica informes, a revista *Tempo Exterior* e tamén ten actividade no eido da Cooperación e Desenvolvemento a través do Fondo Galego. +INFO: www.igadi.org

mente amortecer os índices de pobreza dos últimos anos. Na política exterior, a relación de Santos con Venezuela e Ecuador tenderá a ser difícil e volátil, principalmente na medida en que se consolide a cooperación militar estadounidense a través das súas sete bases en territorio colombiano e de que o Plan Colombia se amplíe cara unha vertente andina.

E o Chile de Piñera?

Dependerá da evolución desta “nova dereita chilena”, probablemente menos reaccionaria dende o punto de vista político, pero absolutamente convencida da necesidade de afirmar o modelo neoliberal nese país.

O presidente Piñera tentará consolidar a presenza chilena nos organismos internacionais, iniciado polos seus antecesores Ricardo Lagos e Michelle Bachelet. Pero Piñera estará case absolutamente concentrado en acometer as secuelas sociais e económicas do terremoto de pasado mes de xaneiro e o impacto da crise económica global, especialmente dos prezos das materias primas.